



# MUSEO DO MAR DE LAXE

## MEMORIA GRÁFICA

### DA COSTA DA MORTE

---

*Joaquín Vidal Martínez*

*Técnico do museo*

---

Escondido como un tesouro no núcleo histórico da vila de Laxe, ao carón da “Casa do Arco,” que fora propiedade dos Condes Moscoso de Altamira, e tamén da casa natal do ilustre xeólogo Isidro Parga Pondal, o noso museo ocupa a totalidade do inmovible que albergou a antiga casa cuartel da Garda Civil da localidade, rehabilitada para este fin, e na que aínda son visibles elementos dunha casa tradicional de pedra, como son a lareira, o lavadoiro de pedra, a latrina, a despensa, entre outros elementos. Ademais está declarado inmovible de elevado interese arquitectónico tradicional.



Museo. Rúa Pracer




Museo. Rúa Sol

Aberto ao público na Semana Santa de 2011, esta grande arca pétrea garda a memoria gráfica de Laxe e do conxunto da Costa da Morte, e tamén todo aquel patrimonio cultural relacionada coa historia destas terras da fin do mundo e das súas xentes.

### O Arquivo Fotográfico Vidal, o noso maior tesouro

O 16/12/2008 unha parte dos herdeiros da familia dos fotógrafos Plácido Vidal (1867-1956) e do seu fillo José María Vidal (1900-1988) cede a súa obra para formar parte da colección permanente do Museo do Mar de Laxe.



Trátase dunha colección de 67.000 grafías que abarcan a historia de Laxe e da súa comarca desde finais do século XIX á década dos anos 70 do século XX, e constitúe o maior tesouro patrimonial que se garda e se divulga neste museo.

Tal é a súa importancia e o seu valor documental, artístico, histórico, etnolóxico e antropolóxico que, a petición do Concello de Laxe, o Arquivo gráfico Vidal foi declarado a través do **Decreto 108/2019, do 18 de xullo**, BEN DE INTERESE CULTURAL DE GALICIA.

Así mesmo, todo o traballo desenvolvido a prol da salvagarda deste arquivo foi recoñecido o 29 de maio de 2010 pola Academia de Belas Artes da Coruña, que transmitiu a súa felicitación ao Concello de Laxe por recuperar o Arquivo gráfico Vidal.

Este arquivo está formado por 43.475 grafías en soporte plástico, 5.886 grafías en vidro (89 delas estereoscópicas) e 10.306 en papel.

### Un patrimonio gráfico de gran relevancia cultural obra dunha saga de fotógrafos locais

Plácido Vidal Díaz (1867-1956) de profesión avogado, nacido en Laxe nunha familia acomodada, era un home cosmopolita e culto, interesado pola arqueoloxía e apaixonado da grafía. Representa un claro exemplo do papel que xogou a pequena burguesía no seu desenvolvemento e popularización. Aproveitou as súas viaxes a París e Londres para adquirir as últimas innovacións técnicas que lle permitiron plasmar a súa realidade máis próxima.

O seu fillo José Vidal García (1900-1988) compaxinou o seu traballo na Administración de Correos coa grafía profesional e artística. Como fotógrafo profesional recorreu as vilas e aldeas dos arredores de Laxe, aproveitando feiras e festexos para ofrecer os seus servizos, contribuíndo así a popularizar a grafía entre as clases máis populares. Como fotógrafo artístico abordou a técnica dunha forma máis experimental.

---

O valor da fotografía como fonte de información para a realización de estudos de historia económica, política, social confire a esta colección un valor sobranceiro polo amplo marco cronolóxico que documenta os modos de vida do pobo galego.

O Arquivo fotográfico Vidal contempla unha gran variedade de temáticas que abarcan desde a paisaxe, a evolución urbana das vilas, os retratos individuais, familiares ou colectivos, as diferentes actividades laborais, as actividades de lecer, a actividade política, a guerra civil e a posguerra, o sentir relixioso,...

### **O fondo fotográfico Vidal Eiroa, unha nova adquisición**

A este extraordinario arquivo gráfico hai que engadirlle a adquisición dunha nova colección, xa que no ano 2018 o Concello de Laxe obtivo en doazón o fondo gráfico do último da saga dos Vidal de Laxe: José María Vidal Eiroa, que achega arredor dunhas 70.000 grafías máis ao patrimonio gráfico deste museo.

O ámbito cronolóxico deste último arquivo abarca as décadas dos 60, 70, 80 e 90 do século XX. A súa temática é tamén moi variada: vodas, bautizos e comuñóns, retratos individuais, colectivos, familiares, eventos sociais, relixiosos e políticos, acontecementos deportivos, oficios, actividades portuarias, patrimonio cultural, festas, orquestras, salas de festas, as praias e os bañistas, as casas,...

O seu ámbito xeográfico abarca maioritariamente as comarcas de Bergantiños e Soneira, aínda que tamén podemos ver grafías da cidade da Coruña, e de Santiago de Compostela e da zona sur da costa da Morte (Muxía, Fisterra e Corcubión).

A técnica gráfica de José María Vidal Eiroa está influenciada polo seu pai José Vidal García e polo seu avó Plácido Vidal Díaz, pero non chegando a maestría dos seus devanceiros. Hai moitos momentos de xenialidade e brillantez na toma das grafías, pero é un fondo moi curioso e moi interesante para comprender os cambios na nosa zona nas catro últimas décadas do século XX.

Este fondo tornase imprescindible para poder coñecer o que aconteceu neste período histórico (cambios urbanísticos, no traballo, na sociedade, políticos, no lecer...) na nosa costa, e co tempo irá gañando prestixio histórico, pois nel aparece representado a sociedade e o territorio da Costa da Morte de finais do século XX.

Entre ámbolos dous arquivos, o Museo do Mar de Laxe albergaría arredor dunhas 130.000 grafías, o que constitúe un dos arquivos gráficos máis grandes e importantes de Galicia.

Pero isto non é todo o que se pode ver, pois este museo garda tamén documentos relacionados coa historia local, e diversas pezas culturais relacionadas coa tradición pesqueira e marítima da vila, e a historia local e comarcal (as fábricas de salga de pescado, a mina de Caolín, os naufraxios,...).

Un lugar único, singular e diferente para visitar para todo aqueles que queiran achegarse á memoria histórica das xentes da Costa da Morte.

Vidal, Cronista Social



El Retrato



O Mar

